

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A POTENCIACIÓN DE
MEDIDAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN CONTRA OS INCENDIOS
FORESTAIS**

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 99/2018 do 26 de setembro (DOG nº 185 do 27 de setembro de 2018) e en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación de Ourense, en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e recoñécense mutuamente capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- O artigo 4 da lei básica estatal, Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, contempla a función social dos montes vinculada á produción de

recursos naturais e servizos ambientais. O importante valor que o monte cumpre para a nosa sociedade no seu conxunto, está ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando a súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven no monte. Así mesmo eses incendios están ameazando á seguridade das persoas e dos bens.

SEGUNDO.- O día 9 de agosto de 2018, a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) asinaron un convenio de colaboración en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O devandito convenio foi publicado no DOG por Orde da Consellería do Medio Rural de data 9 de agosto de 2018 (DOG Núm. 156 de data 17 de agosto de 2018).

O seu obxecto é instrumentar a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural a FEGAMP e SEAGA cos concellos que voluntariamente se adhiran ao presente convenio mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa e ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas da interface urbana garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.

A Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, respecto da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, introduciu diversas medidas destinadas a potenciar a prevención e a loita contra os incendios, entre as que cabe destacar a posibilidade de declarar perímetros de alto risco de incendios naqueles lugares nas que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, a declaración de utilidade pública das infraestruturas e dos equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios

forestais, a posibilidade de elaboración e aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais por zonas e, en xeral, a introdución de medidas en materia de xestión da biomasa e de vixilancia e detección de incendios.

TERCEIRO .- En todo caso, a xestión da biomasa nas franxas secundarias (que inclúe a retirada do arboredo en situación ilegal: pinos, eucaliptos e acacias) debe ser completada con outras actuacións sobre o territorio de forma que as sinerxías creadas reforcen os efectos preventivos e polo tanto, a seguridade dos galegos que habitan nas devanditas zonas.

CUARTO.- A lei 7/1985, de 2 de abril, regulada das Bases de Réxime Local, no seu artigo 36, letra c) apartado 1, referido ás competencias das Deputacións, dispón " A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos de municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación de servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación".

QUINTO.- O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2020) aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 29 de maio de 2020 que incorpora como novidade importante a implementación dun completo e detallado Plan de prevención para actuar nunhas 46.000 hectáreas, en case 5.800 quilómetros de pistas e estradas, o mantemento de máis de 3.200 puntos de auga xa existentes e a construción de 121 novos puntos.

A través desta planificación preventiva recóllense, sobre todo, accións sobre o territorio que se concretan en traballos silvícolas preventivos, na creación e mellora de infraestruturas de defensa e intervencións de

mellora da xestión forestal e das súas producións para incrementar o valor do monte e defender as vivendas fronte ao lume. Estas actuacións vanse levar a cabo entre o 18 de maio e o 13 de xullo, sempre que o permitan as condicións climatolóxicas.

SEXTO.- A Deputación Provincial de Ourense conta cun importante parque de maquinaria agroforestal que lle permitiría colaborar neste importante esforzo de establecemento de accións preventivas estruturais como son a realización de áreas de cortalumes, mantemento de pistas e camiños que atravesen ou articulen as zonas de actuacións, e a eliminación de masas de acacias nas contornas das faixas secundarias.

Todas estas accións preventivas supoñen importantes actuacións complementarias para a xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Por todo elo, en base ao exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense é potenciar a implantación de medidas preventivas contra os incendios forestais de modo que se produza unha diminución do número de incendios forestais, garantindo así o interese público da seguridade das persoas e dos bens.

De xeito particular o convenio ten por obxecto apoiar e reforzar as accións preventivas previstas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2020) aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 29 de maio de 2020.



Segunda.- Compromisos das partes

A Deputación Provincial de Ourense, co seu propio parque de maquinaria, realizará áreas de cortalumes, mantemento de pistas e camiños que atravesen as zonas de actuacións de xestión de biomasa, eliminación de acacias nas contornas de faixas secundarias e outras actuacións complementarias sobre o territorio que reforcen os efectos preventivos sobre os incendios forestais.

A maquinaria a utilizar e as horas de utilización recóllense no Anexo a este convenio.

A Consellería do Medio Rural analizará as actuacións que considere necesario levar a cabo para potenciar a prevención contra os incendios forestais, conforme ás actuacións previstas no Pladiga 2020. Estas actuacións serán propostas ante a Comisión de Seguimento, a quen corresponderá a súa aprobación.

Tamén se encargará de solicitar os permisos que , no seu caso sexan necesarios para levar a cabo as devanditas actuación.

Terceira.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada unha das partes asinantes .

A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público é o instrumento para o seguimento, a vixilancia e o control do convenio e dos compromisos adquiridos polas persoas asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3.


Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.



- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.
- En particular a comisión de seguimento será a encargada de aprobar as actuacións concretas a levar a cabo pola Deputación.

Cuarta .- Vixencia



O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa sinatura ata o 16 de xullo de 2020.

Quinta - Causas de resolución

De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, serán causas de resolución deste convenio:

- 
- O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga
 - A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación na data en que se desexe a súa finalización.
 - O incumprimento das cláusulas do convenio.
 - O mutuo acordo das partes

Sexta- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio.

Sétima – Natureza

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e pola Lei 9/2017, do 8 de



novembro, de contratos do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e en defecto dese último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Oitava.- Relacións laborais



A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha á Consellería de Medio Rural, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do Convenio.

Novena.- Publicidade



As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décima .- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do



XUNTA DE GALICIA



Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar indicado no encabezamento

POLA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL
O conselleiro

José González Vázquez

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE
O presidente



José Manuel Baltar Blanco



Xacobeo 2021

ANEXO

Prestación e valoración de equipos móbiles de traballo para convenio de colaboración entre Consellería do Medio Rural e Deputación Provincial de Ourense.



En relación a solicitude de disposición de maquinaria de obra pública para o convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia nas datas de 10 de xuño a 16 de xullo de 2020, a cal é viable para realizar tarefas de accións preventivas de lumes, todo iso sen causar un elevado prexuízo nas tarefas de cooperación que a Deputación de Ourense presta os concellos da provincia mediante a cesión de equipos móbiles de traballo, antedita maquinaria obxecto disposición, é a que a continuación se detalla:



Pá Cargadora de rodas 130/160 CV - 1 Unidade

Marca e modelo: Caterpillar 936

Tractor de eirugas (Bulldozer) 130/160 CV - 1 Unidade

Marca e modelo: Caterpillar D6M Motoniveladora 120/160 CV

Motoniveladora 120/160 CV - 2 Unidades

Marca e modelo: Caterpillar 120G, John Deere 770A

Camión góndola articulado – 1 Unidade

Marca e modelo: Man TGX18D

A maquinaria relacionada, por razón operativas, poderá ser substituída por outra de características equivalentes.

VALORACIÓN PRESTACIÓN DE EQUIPOS

1.- Os lugares das actuacións son os seguintes: Territorio da provincia de Ourense

2.- Traballos solicitados:

Accións preventivas estruturais baseadas na realización de áreas de cortalumes, mantemento de pistas e camiños que atravesen ou articulen as zonas de actuacións.

3.-VALORACIÓN DE UNITARIOS

UD	HRS/KM	DESCRIPCIÓN MAQUINARIA	PREZO UNITARIO	IMPORTE
Hrs	125,00	Pá Cargadora de rodas 130/160 CV	43,73	5.466,25
			€	€
Hrs	125,00	Tractor de eirugas (Bulldozer) 130/160 CV	45,55	5.693,75
			€	€
Hrs	125,00	Motoniveladora 120/160 CV	40,42	5.052,50
			€	€
Hrs	24,00	Camión góndola articulado	69,62	
			€	<u>1.670,88</u>
				€
Suma.....				17.883,38 €
IVE.....				3.755,51 €
Suma maquinaria.....				<u>21.638,89 €</u>

Tarifas actuais Empresa Pública SEAGA (IVE non incluído)

UD	DESCRIPCIÓN MAQUINARIA	PREZO UNITARIO
H	Pá Cargadora de rodas 130/160 CV c /m	51,45 €
H	Tractor de eirugas de 120/170 CV c /m.o	53,59 €
H	Motoniveladora 120/160 CV c /m.o	47,55 €
H	Camión góndola articulado	81,90 €